

Manuel Jesús Formoso Fernández
Vicecanciller-Secretario
Arzobispado de Santiago de Compostela
Praza da Inmaculada, 1
15704 Santiago de Compostela



Compráceme remitirle, unha vez asinado polo Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, un exemplar orixinal do convenio de colaboración do ano 2022 para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela,
A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Asinado por: MARTINEZ INSUA, MARIA CARMEN
Cargo: Directora Xeral de Patrimonio Cultural
Data e hora: 14/03/2022 14:05:30



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIÁSTICOS INCLÚIDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela, **07 MAR. 2022**

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Julián Barrio Barrio, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Ségundo: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.





Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Diocese de Santiago de Compostela para a posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos no listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmoables sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmoables.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos



xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administración públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, poñeráo no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade,

O arcebispo da Diocese de Santiago de
Compostela

Román Rodríguez González



Julían Barrio Barrio

ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ANO 2022

BEN: Capela de san Lourenzo de Serrapio

SITUACIÓN: Serrapio, Pedre, Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)

PROTECCIÓN: A capela de san Lourenzo, no lugar de Serrapio, parroquia de san Lourenzo de Pedre no Concello de Cerdedo-Cotobade, está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave Cerdedo-Cotobade_44945 e na ficha con referencia 36-AR-2 do catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cerdedo do 23.09.2021, onde se lle outorga protección integral ao conxunto formado pola capela, un pombal, dous cruceiros e unha cruz sobre unha rocha.

ACTUACIÓN: Obras de conservación da capela de san Lourenzo de Serrapio, Cerdedo-Cotobade (exp: SAR-2021-0072)

INVERSIÓN ESTIMADA: 31.196,10 € (IVE incluído) **PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:** 2 meses

DESCRIPCIÓN:

A capela é de planta rectangular e de pequenas dimensións, con cuberta a dúas augas de tella plana en estado precario e necesitado de reparación. A fachada, con pináculos nos seus extremos, remátase no cumio cunha pequena espadana que fai as veces de campanario e que soporta un remate en cruz con dous pináculos menores. Está datada na segunda metade do século XVIII.

Sitúase no cumio dun outeiro dende o que se contempla a ponte romana de Pedre e unha panorámica do val homónimo. Chégase a ela a través dun camiño ascendente de chanzos de pedra marcado por un viacrucis.

A sacralidade que presenta a subida á capela a través dos símbolos do viacrucis e dos chanzos conforman un espazo sagrado que culmina nun ambiente de festa da romaría que se celebra cada 10 de agosto.

Esta romaría contén características de patrimonio inmaterial (experiencia ritual propia, subida co significado de sacrificio, viacrucis sagrado, chanzos interpretados como as etapas da vida), sendo un importante elemento de identificación do lugar e onde se reforza a cohesión da comunidade, o exemplo da vinculación do patrimonio cultural e a identidade do pobo.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Na actualidade presenta danos nas fábricas (fendas e ausencia de morteiro de xuntas) que xunto con falta de estanquidade nos encontros da cuberta cos muros provoca danos por presenza de humidade na cuberta que se manifestan no falso teito de madeira realizado na primeira metade do século XX.

A cuberta de tella manifesta certa falta de planeidade e un aspecto de deterioración acusado debido principalmente a:

- os elementos estruturais lonxitudinais (vigas de madeira serrada) que conforman o cumio e os faldróns teñen unha luz excesiva
- mal estado das ripias e tellas cerámicas planas que se apoian nel (tellas rotas, deterioradas)



e algunhas que faltan no cumio)

- enlatado de madeira interior que conforma o falso teito deformado
- acumulación de sedimentos e vexetación nas xuntas entre as tellas e execución deficiente dos encontros da cuberta coa parte pétreo que provocan entradas de auga ao interior
- presenza de vexetación, manchas, xuntas abertas, rexuntados de morteiro de cemento e material elastomérico... que desvirtúan a imaxe da fachada exterior da capela
- acabado dos paramentos interiores en mal estado
- a porta de acceso á capela está moi danada e deteriorada
- instalación eléctrica interior á vista que provoca unha percepción deficiente do espazo

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- desmontaxe da estrutura existente de madeira de cuberta incluso o material de cubrición
- montaxe de nova estrutura de madeira serrada de castiñeiro de tipo *par e nudillo*, sobre a que se coloca un entaboadado de madeira maciza de cedro, lámina impermeable transpirable, rastrelado de madeira e tella cerámica plana
- picado e limpeza de xuntas e posterior rexuntado con morteiro de cal
- substitución da porta de acceso e limpeza e reparación do resto de carpintería exterior
- retirada e substitución da instalación eléctrica e de iluminación existente
- reparación e pintado dos paramentos interiores.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Xacobeo 21-22

BEN: Capela de san Roque de Xabriño

SITUACIÓN: Xabriño, Fisteus, Curtis (A Coruña)

PROTECCIÓN: A capela de san Roque, no lugar de Xabriño, parroquia de santa María de Fisteus no Concello de Curtis, está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave Curtis_6579 e na ficha con clave AR-3 do catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Curtis do 19.09.2007 (BOP 13.11.2007).

M ACTUACIÓN: Obras de eliminación de humidades (revisión de drenaxes, canlóns e baixantes) na capela de san Roque de Xabriño, Fisteus, Curtis (exp.: SAR-2022-0009)

INVERSIÓN ESTIMADA: 20.000,00 € (IVE incluído) PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 1 mes

DESCRIPCIÓN:

A capela de san San Roque de Xabriño ten a súa orixe no século X aínda que foi reconstruída no século XVIII seguindo o estilo barroco do rural galego.

É unha edificación de planta rectangular dunha nave con presbiterio e capela anexa.

No seu exterior destaca a súa fachada na que se atopa unha fornela coa imaxe de san Roque, unha espadana de tres corpos e pináculos laterais. No seu interior pódese ver unha táboa ao óleo representando a fuxida de Exipto.

A capela ten un cemiterio acaroadado formando un conxunto que se completa cun cruceiro e unha fonte da mesma época.

O seu contorno está formado por unha carballeira.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Nos anos 2012 e 2013 executáronse as obras de substitución da cuberta promovidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC).

É evidente a falta de mantemento da capela tal e como indicaron no informe do 14.04.2016 sobre o estado das obras que fixeron os técnicos da dirección facultativa das anteditas obras. A situación do inmovible foise agravando co paso do tempo.

A capela atópase nun entorno sombrío e moi preto dun regato que fai que exista moita humidade en todo o conxunto. Aprécianse moitas manchas de sucidade nos paramentos e manchas de humidade por capilaridade nas zonas en contacto co terreo.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que permitan a recuperación do ben para devolvelo a o estado e imaxe adecuados á protección cultural e arquitectónica que ten.





BEN: Igrexa de san Martiño de Salcedo

SITUACIÓN: A Igrexa, Salcedo, Pontevedra

PROTECCIÓN: A igrexa de san Martiño de Salcedo está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave 36038_33233 e no Catálogo de edificacións e elementos a conservar da cidade e o rural do Concello de Pontevedra aprobado o 28.04.1994 (BOP 7.06.1994) co núm. 57 do apartado B) Rural

ACTUACIÓN: Rehabilitación da cuberta e do coro da igrexa de san Martiño de Salcedo, Pontevedra (exp: SAR-2021-0120)

INVERSIÓN ESTIMADA: 285.000,00€ (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses
--	--------------------------------------

DESCRICIÓN:

A igrexa de san Martiño é unha construción de estilo neoclásico realizada integramente en cantería de granito. Ten planta de cruz latina con orientación canónica. A nave está formada por tres tramos de bóvedas de canón con lunetos separados por arcos perpiaños de medio punto, lixeiramente peraltados. O cruceiro e a ábsida están cubertos con bóvedas de arista de planta cadrada e os brazos do cruceiro por bóvedas de canón con pequenos lunetos.

No tramo occidental da nave dispónse un coro formado por lousas de granito asentadas sobre dous arcos deprimidos cóncavos. Accédese ao coro por unha escaleira de dous tramos en ángulo recto que se desenvolve polo interior da fachada oeste e o muro sur, atravesando a torre sur.

A ambos lados da ábsida sitúanse dous espazos de menor altura e cubertos con bóvedas de canón de cantería. Están destinados a sancristía (norte, E1N) e a almacén (sur, E1S). A fachada oeste está flanqueada por dúas torres.

Accédese ao extradorso das bóvedas a través dunha escaleira de caracol na torre norte. A cuberta descansa sobre muros de cachotería ciclópea en seco, de gran espesor, dispostos sobre os arcos perpiaños e torais.

A cuberta está formada por tella cerámica curva sobre fibrocemento que apoia en viguetas de formigón soportadas polos muros anteriores. Nos tres tramos do cruceiro, na ábsida e na fachada oeste as viguetas apoian en pilastras de ladrillo executadas sobre as bóvedas. O extradorso das bóvedas está cuberto dos cascallos da última obra de renovación da cuberta e chama a atención a presenza de pedras de grandes dimensións removidas da súa posición orixinal nos muros ciclópeos.

Os datos históricos sobre a igrexa son escasos. Nunha placa no interior consta que se mandou construír por don Pedro Javier de Ulloa que foi párroco de Salcedo entre 1754 e 1795. Non está claro o patrocinio deste párroco e algún investigador sinala ao que foi arcebispo de Santiago, nado en Salcedo, frei Sebastián Malvar y Pinto. Respecto á data, no beirado do cruceiro norte figura a inscrición de 1774 que debeu ser a de finalización da obra.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Entre abril e maio de 2018 o párroco don Jesús Niño observou certos desprendementos de materiais das bóvedas -area- na zona do cruceiro e ábsida. O 30 de setembro dese ano detectou a caída dun fragmento que describiu como de morteiro e de tamaño suficiente para



causar danos persoais.

As últimas obras das que hai coñecemento que puideron afectar á estrutura foron as de renovación da cuberta realizadas hai aproximadamente 20 anos.

Por outra banda, o coro aséntase sobre uns arcos cun visible descenso nas partes centrais. A pesar de que a orixe da alarma se situaba nas bóvedas do cruceiro e ábsida, a preocupación estrutural dirixiuse ao coro, que se apeou e no que se colocaron testemuñas de xeso. Finalmente, ante a sospeita de que a igrexa puidera ser insegura, retiráronse todos os obxectos de valor e pechouse en novembro de 2018. A día de hoxe, continúa pechada.

En outubro de 2021 o Servizo de Arquitectura da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais encargoulle un informe técnico avaliativo dos danos estruturais e estabilidade do inmovible á Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) da Universidade de Santiago de Compostela que foi redactado pola arquitecta Rosa Ana Guerra Pestonit.

Despois da análise estrutural correspondente de cada elemento do inmovible (fábricas, bóvedas, arcos, coro...) este informe conclúe a estabilidade estrutural da igrexa é boa e que non existe ningunha patoloxía estrutural que poña en perigo a estabilidade desta no seu conxunto nin dos elementos que a forman.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural e a súa apertura ao culto e acceso público con seguridade. Estes traballos resúmense en:

- renovación da cuberta cunha solución lixeira que non incremente as cargas actuais sobre os arcos, incluso a restitución das pedras de gran tamaño á súa posición orixinal (foron extraídas na última actuación que se fixo na cuberta); con isto conseguirase evitar as filtracións continuas de auga que contribúen á deterioración xeral da igrexa
- actuacións puntuais de inspección para localizar posibles indicios de degradación susceptibles de causar novos desprendementos no granito e consolidación deste en diversas zonas (bóvedas da ábsida e cruceiro, escaleiras de acceso ao coro...)
- saneamento dos morteiros perdidos e degradados con material que permitan que as doelas se poidan seguir articulando
- retirada de material de entullo acumulado sobre as bóvedas con supervisión permanente para non eliminar o recheo estrutural; así coma recheo da bóveda que carece del (W2 especificada no informe estrutural)
- revisión da balaustrada do coro e reposición das ancoraxes metálicas que están deterioradas e se fose preciso incrementar o seu número (a propiedade terá que controlar o aforo deste espazo para non sobrepasar a recomendación feita no informe baseada no cálculo)
- seguimento da evolución do edificio mediante monitorización das gretas do coro e interior da torre sur para detectar posibles movementos incluíndo tamén unha medición dos extrapromados dos muros unha vez rematadas as obras na cuberta nun intervalo de non máis de 5 anos e na mesma estación do ano



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Xacobeo 21-22

BEN: Capela de Nosa Señora da Lanzada**SITUACIÓN:** A Lanzada, Noalla, Sanxenxo (Pontevedra)**PROTECCIÓN:** A capela de Nosa Señora da Lanzada está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave Sanxenxo_50597 e na ficha con referencia CSX-00-85 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo do 27.02.2003**ACTUACIÓN:** Intervención nos muros e fachadas da capela de Nosa Señora da Lanzada (exp: SAR-2021-0121)**INVERSIÓN ESTIMADA:** 113.000,00€ (IVE incluído) **PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:** 3 meses**DESCRIPCIÓN:**

A capela da Nosa Señora de Lanzada é unha capela de pequenas dimensións situada na parroquia de Noalla en Sanxenxo. Foi construída no século XII e é de estilo románico tardío. Está asentada sobre unha punta rochosa que se introduce no mar nas inmediacións dunha fortaleza medieval (coñecida como torre da Lanzada) e preto do castro da Lanzada.

O lugar onde se atopa a capela é de singular importancia debido á cantidade de achados históricos atopados nas súas inmediacións, pertencentes a épocas diversas, xa que estivo habitado desde tempos remotos. Testemuño disto son os innumerables restos achados tanto no antigo poboado castrexo coma na necrópole que se atopa nas inmediacións con numerosos restos romanos.

A capela románica foi construída sobre os restos doutra igrexa máis antiga ligada á fortaleza construída no século X para defender, xunto coas Torres do Oeste en Catoira e as de Cambados, as terras de Santiago de Compostela dos invasores viquingos e normandos.

A fachada principal é moi sinxela e os únicos adornos son un pequeno arco apuntado no lintel da porta e un rosetón. Na fachada posterior áchase a ábsida de forma semicircular e con catro columnas embutidas. As fachadas laterais son tamén moi sinxelas e sobresaen os canzorros do beirado. Nunha delas existe unha segunda entrada cun arco de medio punto.

O cumio remátase con cruces gregas.

A planta da capela é rectangular, cunha soa nave en dous treitos separados por un arco sobre piares. A cuberta da nave maior está formada por unha bóveda lixeiramente apuntada. No interior atópase un retablo barroco que alberga a Virxe da Lanzada.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Tras un minucioso exame organoléptico determínase que a capela se atopa nun grave estado de conservación. Aínda que as propiedades estruturais sexan as adecuadas, presenta patoloxías que se deben atallar con urxencia xa que poñen en perigo a futura integridade do inmoble.

As propiedades intrínsecas dos elementos líticos constitutivos vense alteradas dende o momento en que se extraen da canteira e a posterior interacción do monumento co entorno que o rodea, derivando en diversas alteracións provocadas por factores de tipo atmosféricos e antropolóxicos.

Pese á duración e estabilidade milenaria do material granítico constitutivo, este vese afectado directamente coa interacción cos demais materiais de construción, e á súa vez



desenvolve patoloxías derivadas deste feito, sumado os demais axentes de deterioro que o afectan de igual modo. A degradación dos materiais pétreos constitutivos maniféstase a través de diferentes cambios (composición mineralóxica e química, cor, textura, aspecto, etc) facilitando certo tipo de danos característicos moi prexudiciais.

Ademais obsérvase un notable ataque biolóxico en forma de especies colonizadoras, presentando un ataque xeral de microorganismos en toda a extensión da superficie do material lítico, que pon en detrimento a futura conservación do conxunto.

Hai que destacar como dato totalmente intrínseco as patoloxías que presentan os materiais constitutivos do ben que se atopa nunha situación totalmente sobresaínte dentro do conxunto defensivo no que se atopa, e exposto a condicións climatolóxicas fortemente extremas e adversas que provocan erosión.

Queda en evidencia que a capela ten varios momentos construtivos, comezouse a construír no século XII e rematouse no século XIII, para ser gravemente danada no século XV pola revolta irmandiña para ser totalmente abandonada no século XVI. Non se ten constancia de cando se levou a cabo a última remodelación que conservou a ábsida románica. O que si se sabe é que cando se interviu a atalaia defensiva da fortificación na que está asentada, cambiouse a cuberta e retirouse o antigo morteiro para ser substituído.

Dependendo da fachada na que se vai a actuar e da orientación de cada unha delas, presentan discordancia do tipo de alteracións.

A variabilidade dos tipos de lesións poden considerarse como indicadores da interacción da pedra co entorno no que se atopa. Non teñen porqué proceder das condicións ambientais adversas nin representan danos irreparables na pedra, mais alá do cambio do aspecto orixinal.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- eliminación de plantas vasculares superiores
- limpeza mecánica da superficie pétreo
- eliminación de morteiros deteriorados das xuntas de cemento
- desentullo
- tratamento de extracción de sales solubles
- vertido de morteiro e selado de gretas e fendas
- asentado de sobrepenas
- intervención sobre as cruces
- rexuntado de xuntas con morteiro de cal
- consolidación química do soporte pétreo
- elaboración da drenaxe das fachadas
- execución do estudo eólico e axentes de erosión
- aplicación das medidas de conservación preventiva
- elaboración da memoria final



BEN: Conxunto Pazo do Lagar (do que forma parte a igrexa parroquial de san Martiño de Sobrán)

SITUACIÓN: Vilaxoán, Sobrán, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O conxunto Pazo do Lagar está protexida polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coa clave Vilagarcía de Arousa_55001 e na ficha con referencia 98 PHA do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa do 4.02.2000 (BOP 26.05.2000). A igrexa ten unha protección integral.

ACTUACIÓN: Reconstrución da cuberta do edificio destinado a sancristía e capela anexa á igrexa de san Martiño de Sobrán – Vilaxoán (exp: SAR-2022-0010)

INVERSIÓN ESTIMADA: 62.000,00€ (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses
--	---

DESCRICIÓN:

O Pazo do Lagar levántase sobre un antigo mosteiro que xa existía no 1098. A orixe da igrexa (que hoxe é parroquial) remóntase ao século XII de estilo románico e formou parte do citado mosteiro mixto citado en referencias bibliográficas do século X e do cal hoxe non queda nada.

Igrexa da primeira metade do século XII de estilo románico cunha única nave completamente abovedada e dividida en tres tramos por medio de dous pares de semicolumnas acaroadas ao muro. Está feita a base de cantaría granítica con cuberta a dúas augas.

A ábsida é semicircular cun tramo recto cuberto por bóveda de canón e de forno. Na nave ábrese dúas portas, unha cara o norte e outra o sur, ambas tapiadas. No muro setentrional ten unha fiestra con arco lobulado.

A súa fachada principal está dividida en dous tramos separados por un tornaugas. Na parte inferior vemos unha porta de acceso con arco de medio punto. A parte superior presenta unha xanela con arco de medio punto e por riba dela un rosetón. O conxunto remata cunha torre campanario nun dos laterais.

No lateral norte está situada unha capela rectangular sen interese rematada cunha bóveda pétrea sobre a que se asenta a estrutura soporte da cuberta a dúas augas e o material de cobertura a base de placa ondulada de fibrocemento con amianto e tella cerámica curva.

Acaroadá á capela atópase outra edificación sinxela con uso de sancristía cuxa cuberta está formada por unha armadura de madeira e o mesmo acabado de cubrición que a capela.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

No ano 2008 a DXPC promoveu a obra de substitución da cubrición da igrexa que actualmente se atopa en bo estado pero as cubertas das edificacións anexas (capela e sancristía) non se incluíron e están deterioradas.

O arquitecto contratado pola Arzobispado de Santiago de Compostela fixo unha primeira valoración visual do conxunto formado pola capela e a sancristía e apreciou manifestacións patolóxicas sobre todo nas cubertas debido ao estado de deterioración dos elementos.


ACTUACIÓNS PROPOSTAS:





Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- rozado e limpeza do terreo estremeiro
- demolición da cuberta existe na capela e na sancristía (estrutura soporte de madeira, correas prefabricadas de formigón, taboleiro de ladrillo, fibrocemento con amianto e tella)
- limpeza de entullos na parte superior da bóveda da capela
- formación de nova estrutura soporte da cuberta a base de madeira de castiñeiro sobre a que se colocará unha placa de fibrocemento e remate con tella cerámica curva, incluso formación de remates con lámina de zinc
- no local da sancristía colocación de falso teito de xeso laminado sobre o que se coloca un illante termoacústico
- instalación de canlóns e baixantes de zinc
- revisión da instalación eléctrica
- pintado interior e exterior.





BEN: Igrexa de Camanzo (parroquial de san Salvador) e casa reitoral ou antigo mosteiro beneditino de Camanzo

SITUACIÓN: Lugar de Camanceiros, Camanzo, Vila de Cruces (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O conxunto formado pola igrexa e a casa reitoral ou antigo mosteiro beneditino de Camanzo están protexidos polo seu valor cultural ao ser bens pertencentes ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluídos no catálogo do Plan Básico Autonómico coas claves 36059_29948 a igrexa e 36059_29950 a casa reitoral e nas Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Vila de Cruces do 12.02.1993 (BOP 6.04.1993).

ACTUACIÓN: Traballos urxentes de conservación e toma de datos do mosteiro de san Salvador de Camanzo, Vila de Cruces (exp: SAR-2021-0135)

INVERSIÓN ESTIMADA: 278.758,86€ (IVE incluído) **PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO:** 5 meses

DESCRIPCIÓN:

En Camanzo na actualidade consérvase un senlleiro conxunto monumental formado pola igrexa parroquial de estilo románico e a magnífica casa reitoral, que ocupa o espazo da antiga granxa beneditina e anteriormente un mosteiro da orde bieita.

O mosteiro de Camanzo foi un mosteiro beneditino fundado no século X polo Conde Don Gonzalo e a súa muller dona Tareixa que orixinariamente servía a unha comunidade de monxes e pasou a ser de monxas beneditinas dependente do convento de san Paio de Antealtares en Santiago de Compostela, ao que se incorpora en 1516.

A igrexa construíuse no ano 1166, aproveitando o período de esplendor do mosteiro no século XII, época que coincide co remate do mosteiro de Carboeiro en Silleda.

Do mosteiro apenas quedan restos como a arcada que pertenceu á sala capitular. A porta principal é de arquivoltas semicirculares, presentando catro anxos cos brazos abertos e unha figura bendicindo. No tímpano está esculpida a figura dun Salvador que bendice, froito da escola compostelá.

A casa reitoral acaroadada á fachada norte da igrexa desenvólvese cunha planta en "L" arredor dun patio pavimentado que preside e cobre, en case a súa totalidade, unha viña que nace dun moi antigo bacelo.

A casa ábrese ao patio na súa planta alta nunha solaina ou corredor aberto que recorre todas as súas fachadas abertas aos ventos sur e oeste.

O lateral oeste do patio péchano unhas construcións auxiliares dedicadas a labores agrícolas e á actividade tradicional da casa (antigas estancias de cobro, fornos, cortes da gandaría...) e o grande portalón cuberto polo que se accede ao conxunto e sobre o que se conserva un pombal inserido na parede.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O estado actual do conxunto é deficiente. A casa reitoral, aínda que se conserva, comeza a mostrar signos importantes de deterioración: fallos estruturais localizados (inicio do corredor e zona da antiga cociña); fallos na cuberta de tella na antiga cociña, no espazo cuberto de acceso ao patio e nos inmobles auxiliares de arquitectura tradicional adxectiva; colonizacións biolóxicas sobre as fábricas dos inmobles auxiliares e nas fachadas exteriores da casa reitoral; estado de semi-ruína dos edificios auxiliares, que impide o acceso a eles e ameaza co seu colapso; danos e roturas no apeo da viña alta que cobre o patio e que ameaza



á debida conservación deste senlleiro e antigo exemplar.

Situación que se xunta a pequenos efectos de deterioración na igrexa -en xeral en bo estado de conservación- ocasionados polas humidades e entradas de auga que se aprecian nos encontros da ábsida norte coa principal e por filtracións dende o cemiterio.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto colaborar coa Igrexa Católica na debida conservación deste conxunto, elaborando un plan director que axude a atopar ou propoñer novos usos que garantan unha conservación sostible e o acceso e/ou uso público do conxunto pola poboación vinculada territorial e culturalmente ao mesmo.

Para poder avanzar na redacción do Plan Director é necesario realizar traballos previos de estudo, levantamentos planimétricos e de roza, limpeza e mellora das condicións de seguridade que permitirá o acceso e a recuperación parcial dos usos tradicionais, facilitando o necesario mantemento do conxunto.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto e permitan a recuperación do ben cultural. Estes traballos resúmense en:

- limpeza de todos os muros do patio
- limpeza dos muros exteriores e interiores
- desmontaxe de parte do actual forxado da casa reitoral que se atopa en estado ruinoso e procederase a súa restauración, seguindo as técnicas construtivas tradicionais (zona da antiga lareira)
- desmontaxe das cubertas das construcións anexas que se atopan en estado ruinoso e procederase a súa restauración
- desmontaxe de parte do corredor exterior da casa reitoral que se atopa en estado ruinoso e procederase a súa restauración
- colocación da tapa de cheminea da antiga lareira.
- roza e limpeza superficial do patio
- roza da contorna das edificacións
- limpeza da zona do atrio, garaxe e sancristía
- desmontaxe e recolocación do pavimento empedrado do patio en mal estado e recuperación das pedras necesarias
- desmontaxe da viña existente, facendo unha análise fitopatolóxica dos bacelos e procedendo ao seu abonado e tratamento das cepas con recuperación do emparrado
- colocación da iluminación necesaria no patio do claustro mediante lámpadas LED
- tratamento con bioherbicida nos muros para evitar enredadeiras
- restauración das portas que dan ao patio
- restauración de dous linteis partidos
- reparación das humidades que aparecen na esquina da ábsida da igrexa e colocación dunha gárgola de chumbo que manteña seca a fachada da propia igrexa
- realización dun inventario de todos os bens que teñan interese etnolóxico, histórico, artístico ou relixioso
- retirada do elementos de formigón que se atopan no lagar

